

A CIG-Ensino seguirá traballando pola igualdade do profesorado de FP tras a rectificación parcial da Consellaría de aprobar un complemento salarial para parte do profesorado discriminado

Esta medida beneficiará aos 665 docentes en activo que quedan no corpo de profesorado técnico a extinguir, tal e como aprobou o Consello da Xunta, pero non así ao profesorado interino e substituto con titulación de Ciclo Superior, nin sequera cando se converta en funcionariado de carreira do novo corpo de Profesorado Especialista de Sectores Singulares da FP.

Así mesmo, a Consellaría decidiu pagarlle con efectos retroactivos ao profesorado que, cumprindo os requisitos de titulación, se xubilou antes de que se fixera efectiva a integración no corpo de PES.

Para a CIG-Ensino estas emendas son "parches" que non solucionan as desigualdades creadas polas normas do Ministerio e que a Xunta de Galiza está en disposición de poder resolver se realmente quere prestixiar a FP e o seu profesorado.

O sindicato maioritario no ensino público galego seguirá traballando, a través da unidade do colectivo afectado, para eliminar a discriminación entre persoal fixo e temporal, tanto de quen se integra como de quen non o pode facer polo momento, así como do persoal do novo corpo de PESSFP, e centrará os seus esforzos en que se habiliten todos os mecanismos posíbeis para facilitar que todo o profesorado de FP poida acceder ao grupo A1 e contar así cos mesmos dereitos.



A CIG-Ensino considera que **a Xunta volve acertar cando rectifica, aínda que só en parte**, nunha problemática que até o momento se negara a resolver desde a aprobación da Lei Orgánica de FP e sobre a que lle asegurou o propio conselleiro, Román Rodríguez, que se trataba dunha **“cuestión política e non económica”**. A aprobación no Consello da Xunta, en contra do que votou o grupo parlamentario do PP hai uns días, do inicio dos trámites para habilitar un **complemento salarial de 146,93 euros, que cobrarían a partir do 1 de setembro un total de 665 funcionarios e funcionarias de carreira do corpo de Profesorado Técnico de FP a extinguir** que non poden integrarse no corpo de Profesorado de Ensino Secundario, dá boa mostra disto.

Así mesmo, a Consellaría vén de publicar a **lista provisional de PTFP admitido para a integración no corpo de PES** e inclúe, como novidade, o recoñecemento dos **efectos económicos** desta integración para o **profesorado que estaba en activo no momento da entrada en vigor da LOMLOE e que**, cumprindo os requisitos de titulación, **se xubilou con posterioridade**. Cobrará polo tanto ese tempo traballado.

A CIG-Ensino cualifica estas dúas decisións como **“avances pero insuficientes”**, tendo en conta as reivindicacións dos distintos grupos de persoas afectadas por unha normativa que denunciou con firmeza desde antes de se aprobar a LOMLOE. Cómpre lembrar que nun primeiro momento no trámite parlamentario da lei a integración no corpo de PES só beneficiaba a persoas con Grao ou titulación equivalente a

efectos de acceso á función pública, o que deixaba fóra diplomaturas, enxeñarías e arquitectura técnica, e que se pechaban as portas a que persoal interino e substituto con titulación de técnico ou técnica superior puidera seguir opositando e incluso traballando como docente. Xa por entón, a CIG-Ensino fixo asembleas nos centros e telemáticas e conseguiu, mediante a presión, reverter estas dúas medidas pero coa aprobación da Lei Orgánica de FP consumouse a imposibilidade de que todo o profesorado técnico puidera pasar ao grupo A1. Como denunciámos en todas as Mesas docentes estatais e nas reunións mantidas coa secretaria xeral de FP do MEFP equivocáronse de pleno ao regular a integración acotándoa só a quen ten nominalmente titulación universitaria sen buscar unha alternativa que garantise os mesmos dereitos.

Rectificación “a medias”

Malia estes pasos, quedan aínda moitos aspectos por resolver. Tal e como confirmou a Consellaría, a preguntas da CIG-Ensino na última Mesa Sectorial, **o complemento salarial que pretende implantar só o recibirá o funcionariado de carreira que actualmente queda a extinguir no corpo de PTFP**. A CIG-Ensino seguirá a promover a unidade do colectivo, como fixo durante todo este tempo no que **recadou máis de 1375 sinaturas**, mantendo o obxectivo de que non quede ninguén atrás neste proceso de integración.

Así, presentará, se for preciso, **recurso xudicial contra a normativa na que a Xunta establece este complemento**

para que tanto o **persoal interino e substituto, con titulación universitaria ou de FP, como o novo funcionariado de carreira de PESSFP cobren o mesmo**. A máxima de **“a igual traballo igual salario”** está máis vixente ca nunca sobre todo cando as normas estatais crearon máis desigualdade da xa existente entre o profesorado que impartía en FP e as decisións da Consellaría non son sequera un “remendo” desta.

Un dos aspectos positivos que se aclararon durante a negociación na Mesa Sectorial é que **o profesorado técnico con titulación de FP que está nas listas de interinidades das 19 especialidades que pasan a PES poderá manter o seu posto na lista e seguir traballando**.

Facilidades para acceder ao grupo A1

A CIG-Ensino, desde o inicio do conflito e vendo que as intencións do Ministerio non pasaban por facilitar o ingreso no grupo A1 a todo o profesorado, pediu expresamente **facilidades para que, quen así o quixer, puidera obter un Grao universitario**. Nestes momentos, desde a aprobación da LOMLOE en xaneiro de 2021, van **máis de dous anos perdidos** e o contador corre desfavorabelmente para quen queira conseguir este obxectivo dado que o MEFP mantén, malia a insistencia da central nacionalista, a data tope para solicitar a integración en xaneiro de 2026.

Na última Mesa Sectorial preguntóuselle directamente á Consellaría se ía habilitar **licenzas por estudos retribuídas** para o seu persoal docente e na Mesa estatal

inqueríuselle ao Ministerio sobre as xestións que debería realizar, xunto coas CCAA e o Ministerio de Universidades, para habilitar unha fórmula que convalidara a experiencia profesional e docente, así como a formación previa do profesorado con Ciclo Superior, por créditos ECTS para obter esta titulación de forma máis rápida. Non houbo resposta.

Na CIG-EnsinO seguiremos esixíndolle a un goberno e a outro, sexan da cor que sexan que, cada un dentro das súas competencias, poña fin á discriminación do profesorado que imparte en FP. Para a CIG-EnsinO só hai dúas saídas a este problema que dependen da vontade "política", como asumiu o propio conselleiro, da Xunta de Galiza:

- **Aprobación dun complemento compensador para todo o PTFP que non poida integrarse en PES, sexa fixo ou temporal**
- **Efectos retroactivos desde xaneiro de 2021 para todo o profesorado técnico de FP**

Datos de persoal afectado

Tendo en conta o estudo realizado pola CIG-EnsinO a partir da listaxe de persoas admitidas na resolución provisional de PTFP proposto para a integración e os datos proporcionados despois da rectificación anunciada pola Xunta, nestes momentos **queda aínda por igualarse a situación retributiva de varios colectivos, como se pode ver a continuación. A CIG-EnsinO seguirá esixindo a total igualdade do profesorado de FP por todas as vías posibles, negociación ou xudicialización.**

Distribución do profesorado afectado	Funcionariado de carreira	Persoal interino	Total
Profesorado das 19 especialidades que se integran en PES	1008	374	1382
Profesorado técnico a extinguir	665	173	838
Profesorado noutras especialidades	13	60	73
Profesorado xubilado entre xaneiro do 21 e a data de inicio do proceso de integración en PES	44		44
Total	1730	607	2.293

Novo funcionariado de carreira e persoal interino e substituto das 10 especialidades que pasan a PESSFP: a CIG-EnsinO considera inadmisíbel que este profesorado vaia quedar fóra do complemento equiparador. A partir do 1 de setembro de 2023 vanse agudizar aínda máis as desigualdades existentes nos centros. Se o Ministerio se equivocou discriminando por titulación, a Consellaría erra igualmente ao separar entre quen é funcionariado de carreira nestes momentos e quen o pode ser no futuro ou é temporal. Estase vulnerando claramente a normativa europea de non discriminación entre traballadores temporais e fixos, o que levaría a que a xustiza determine o que a vontade política pode resolver sen máis conflitos. A CIG-EnsinO esixe que se lle pague o complemento a todo o profesorado con Ciclo Superior e tamén demanda que exista carácter retroactivo.

PTFP a extinguir: Ao colectivo de 665 docentes deste corpo, que non sabemos se é a cifra final ou esta é menor porque hai algunha persoa que puido integrarse en PES, faltaría por aplicárselle os efectos retroactivos no complemento salarial desde xaneiro de 2021

Docentes interinos das 19 especialidades que pasan a PES: son 374 (sen contar con todo o profesorado substituto) e pasarán a ter as retribucións de PES a partir do 1 de setembro. Neste caso non se recoñece o mesmo dereito que o funcionariado de carreira a cobrar as retribucións como A1 desde xaneiro de 2021 ou desde que empezaran a traballar, se foi con posterioridade, o que para a CIG-EnsinO sería unha ilegalidade e que, de non mediar unha nova rectificación, rematará tamén nos tribunais.

Profesorado noutras especialidades: a Consellaría non deu solución aínda á demanda da CIG-EnsinO de respectar as condicións retributivas e de continuidade en listas, no caso de quen é interino, do profesorado que traballa en especialidades creadas pola propia Xunta. De momento limitouse a dicir que traerá á Mesa a integración nas listas correspondentes e que, cando corresponda, pasarán ao grupo A1.

Tampouco aceptou en vía administrativa o noso recurso para que o profesorado que aprobou as oposicións de PTFP no 2021 poida cobrar como A1 desde que comezou a traballar. O recurso está en vía xudicial.

Avaliación e folia de ruta da CIG-Ensino

Acaba de comprobarse como **mediante a presión sindical e do persoal docente, a Consellaría decidiu rectificar pero só parcialmente.** A CIG-Ensino, como leva facendo desde hai máis de dous anos, pelexará en todas as vías existentes para conseguir o único obxectivo que nos fixamos desde o comezo: os principios de que a igual traballo corresponde o mesmo salario e de que todo o profesorado de FP debe ser respectado non admite rectificacións parciais.

Defenderemos a igualdade do profesorado, de todo, sen exclusións nin divisións.

A Consellaría xa anunciou que traerá á Mesa sectorial a Orde que vai regular o complemento compensador. Incidiremos nese foro que non se deixe a ninguén atrás porque o malestar que veñen causando todas estas novidades normativas nos últimos dous anos nos centros lonxe de minguar aínda se pode acrecentar a partir de setembro.

A Consellaría ten unha débeda con todo o profesorado, pero

nun momento no que a Formación Profesional está no punto de mira de todas as administracións educativas e na que se aveciñan múltiples cambios froito da aplicación da Lei Orgánica e do Real Decreto que regulará estas ensinanzas non pode dividir e desprezar máis o persoal docente de FP tendo en conta ademais que é o que soporta desde hai anos unha maior carga de burocratización do seu traballo e que cumpre un nivel de esixencia moi por riba da oferta privada que cada vez máis autoriza a Xunta destes estudos.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal